



733 Clara



A agricultura do futuro nas túas mans

Lely Horizon

O seguinte paso no futuro da súa explotación é a predición. Dea un paso adiante na xestión da súa explotación con Lely Horizon e sáquelles o máximo partido aos seus datos. Aproveite a información aplicando algoritmos intelixentes para predicir rendementos e obter opcións precisas de optimización da súa explotación. Consiga unha indicación clara e nunha fase precoz das vacas sospeitosas de padecer cetose e reciba consellos de tratamentos. Horizon está dispoñible en dous paquetes: Control e Advance. Comprobe cal se adapta mellor ás súas necesidades.

O seu Lely Center local daralle máis información sobre este fito no muxido.



Le o testemuño da familia Entrecanales

www.lely.com

farming innovators



13 anos de experiencia con Lely



¡EN VÍDEO!

Ivón Entrecanales, Guiomar Aguilar e Adrián Entrecanales en Granja Cudaña

Un muxido máis natural coa robotización de Lely

Hai 13 anos que a familia Entrecanales apostou pola robotización con Lely para Granja Cudaña (Labarces, Cantabria) co obxectivo de aumentar o número de muxidos e mellorar o benestar animal. Tras lograr estas metas e obter altas producións, decidiron incorporar dúas unidades máis para as instalacións que adquiriron na localidade cántabra de Maoño.

TESTEMUÑOS

Adrián Entrecanales, Ivón Entrecanales, Alberto Sánchez e Guiomar Aguilar

O coñecido como “El Rubio de Cudaña”, Eduardo Entrecanales, puxo en marcha Granja Cudaña no ano 1972 e, na actualidade, a empresa está manexada polo seu fillo Ivón Entrecanales e o seu neto Adrián Entrecanales. Desde hai uns dous anos contan con outra nave, Granja Las Minas (Maoño, Santa Cruz de Bezana), e entre ambas as instalacións suman uns 240 animais en muxido.

En Granja Cudaña, hai 13 anos que decidiron instalar dous robots Lely Astronaut A3, un para o lote das vacas júnior e outro para o das sénior. “A min gústame ter os dous patios separados, porque controlamos o tema da xerarquía das vacas adultas coas primíparas. Así conseguimos que estas últimas, que teñen menos peso, teñan máis liberda-

de, accedan mellor á comida, consigan máis muxidos no robot e, como consecuencia, produzan máis leite”, aclara Adrián. Un dos datos que cabe destacar é que ambos os robots se instalaron o mesmo día, pero o das vacas novas xa suma 860.000 muxidos, mentres que o das adultas rexistra 822.000. “Aquí reflíctese algo que sempre lles dicimos aos nosos clientes: as vacas novas sempre realizan máis muxidos que as vacas adultas”, di Alberto Sánchez, comercial de Lely Center. Así mesmo, nas instalacións que teñen en Maoño dispoñen de dúas unidades de Lely Astronaut A4.

Alberto comenta que o obxectivo nesta granxa era realizar o terceiro muxido e logrouse, posto que na actualidade teñen unha media de 3,4 muxidos por vaca e día. Ademais, a media de produción chega aos 46 litros/vaca/día en Granja Cudaña, mentres que en Granja Las Minas alcanzan os 41 litros/vaca/día.

“As vacas están tranquilas, xa que non as molestamos, e conseguen facer tres ou máis muxidos”, apunta Adrián. Despois destes 13 anos traballando cos robots de Lely, o gandeiro resalta a forma natural na que muxen.

O COW COMFORT, A FILOSOFÍA DA FAMILIA ENTRECANALES

O benestar animal é un dos principios que se aplican nesta granxa. Co fin de logralo teñen as vacas en cubículos de area e reduciron o número de animais por parque. Ao longo destes anos “sempre buscamos o *cow comfort*, ademais de ser eficientes para sobrevivir no sector”, destaca Ivón. Para iso, utilizaron todas as tecnoloxías que teñen ao seu alcance, como a robotización do muxido, e por iso teñen vacas de alta produción. “Eu nunca pensei que podería muxir vacas que desen 90 litros,

Co robot lograron aumentar o número de muxidos



pero nestes momentos temos algúns animais que nos dan esa produción. Isto era impensable hai uns 20 anos”, indica o gandeiro.

Ivón mostra a súa frustración ante a situación actual e indica que “en Europa están a subir os custos de produción e tamén o prezo do leite, mentres que en España isto non pasa: aquí soben os custos, pero non aumentan os prezos”.

O CONTROL DAS GANDERÍAS CON LELY HORIZON

Para controlar todos os parámetros dos animais, dispoñen do programa de xestión Lely Horizon, que poden manexar desde calquera tipo de dispositivo. Nel poden ver a produción diaria, os rexeitamentos, o número de muxidos, a lactación do animal, a ruminación, os celos que tivo, crear un asento, a marxe por vaca etc. “Se hai unha vaca con algún problema de saúde, o programa dá nos consellos e inmediatamente podemos actuar para solucionalo”, apunta Guiomar Aguilar, a Farm Management Support de Lely. Como exemplo, mostra unha gráfica na que se ven os ingresos por leite e o custo da alimentación de cada animal.

CAMBIOS NA ALIMENTACIÓN DAS VACAS

Debido á situación actual dos prezos disparados dos pensos, decidiron quitar 2 kg de penso no robot e outros dous no carro mesturador. “Falaremos co nutrólogo para ver como xestionar isto. Sabemos que baixaremos un pouco na produción, pero, se isto nos serve para sobrevivir, manterémolo”, cóntanos Ivón. Ademais, explica que na actualidade as vacas están dando bos resultados en canto a preñez. “A ver se ao facer este cambio seguen funcionando igual”, comenta. O obxectivo é aguantar ata o verán, posto que o turismo lles serve como fonte de ingresos para paliar algúns dos gastos que teñen na actualidade.

VENDA DO LEITE DIRECTA E VISITAS GUIADAS

Hai uns 12 anos, na busca de maiores beneficios económicos, empezaron coa venda directa do seu propio leite. Iniciáronse coas máquinas expendedoras, pero non era suficiente, polo que puxeron en marcha a repartición coas súas propias furgonetas. Co paso do tempo, transformaban o leite en queixos nunha queixería situada a 7 km das instalacións, pero o éxito foi tanto que crearon a súa propia queixería.

“Non dabamos abasto coa demanda e por iso decidimos montar a nosa propia instalación, coas dimensións axeitadas para cubrir os pedidos”, comenta Ivón.

Para poder obter máis volume de produtos, xeraron sinerxías con outras empresas e suman así unhas 23 referencias entre queixos frescos, maduros, leite fresco, iogures, arroz con leite, queixadas etc. Na queixería elaboran catro días por semana queixo fresco, que é o máis vendido, e outros dous días queixos madurados, mentres que o leite fresco sae diariamente.



Dispoñen do arrimador de comida Lely Juno



Transforman o leite na súa propia queixería

Outra actividade que realizan en Granja Cudaña son as visitas guiadas, que organizan en períodos vacacionais. “O obxectivo é achegarnos ao consumidor, que leva moito tempo cunha información nesgada do que facemos”, resalta o gandeiro. Ás persoas que desexan coñecer como traballan na gandería e na queixería, explícanlles que é o benestar animal, a alimentación das vacas, a diferenza entre leite fresco e un UHT e, para finalizar, ofrécenlle unha cata de queixos e manteñen un faladoiro sobre o sector. “Isto deberíámolo facer todos, deixar que o consumidor veña a ver os animais”, puntualiza. ■



O seu Lely Center local daralle máis información sobre este fito no muxido.

Lely Center Los Corrales	+34 606 022 405
Lely Center Outeiro	+34 671 646 745
Lely Center Aizoain	+34 676 182 349
Lely Center Trazo	+34 685 117 350
Lely Center Avila	+34 665 772 747
Lely Center Vila Nova	+351 227 538 339

